

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE MODIFICA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2006/0218_NAA/IPPC_059

Instalación: planta de fabricación de taboleiros de fibra de madeira	Procedementos: modificación non substancial da autorización ambiental integrada e revisión para a súa adaptación á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Texto refundido
Titular: Financiera Maderera, SA	Núm. rexistro AAI: 2006/0218_NAA/IPPC_059
Localización: Padrón (A Coruña)	Expedientes de modificación: 2024-IPPC-M-61 2024-IPPC-M-120

ANTECEDENTES

1. Financiera Maderera, SA dispón de autorización ambiental integrada co número de rexistro 2006/0218_NAA/IPPC_059 para a planta de fabricación de taboleiros de Padrón desde o 12.3.2008.

A autorización ambiental integrada revisouse o 22.11.2019 para adaptala á Decisión de execución da Comisión do 20 de novembro de 2015 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles respecto á fabricación de taboleiros derivados da madeira, conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais.

Dende esa data modificouse nas seguintes ocasións: correccións de erros do 11.3.2020 e 21.4.2020 e resolución de modificación non substancial do 29.2.2024 (expediente 2022-IPPC-M-146).

2. Financiera Maderera, SA está inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número SC-I-IPPC-XA-00005 para a actividade de xestor de almacenamento de residuos non perigosos mediante a operación R13. Esta inscrición abarca os centros de Padrón, de Rábade-Begonte e de San Cibrao das Viñas.

Para o centro de Padrón a inscrición comprende:

Actividade	R13 – Almacenamento de residuos
Inscrición	SC-I-IPPC-XA-00005
Residuos (LER/Descrición)	15 01 03 Envases de madeira
Superficie de almacenamento delimitada para esta actividade	400 m ²
Cantidade estimada de residuos a almacenar	600 t/ano
Rotación media estimada	15-30 días (dende que os residuos entran no parque de





	madeiras ata que son enviados á fábrica de Santiago)
--	--

3. O 16.5.2024 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade solicitou a Financiera Maderera, SA que presentase a documentación do anexo IX da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, co obxecto de dar cumprimento á disposición transitoria cuarta da dita Lei e adaptar a autorización de xestión de residuos.

4. O 18.7.2024 Financiera Maderera, SA solicitou un incremento de capacidade e a ampliación de códigos LER para a actividade de xestor de almacenamento de residuos, que quedaría:

Actividade	Almacenamento de residuos	
Cantidade máxima de almacenamento	1.500 t/ano	
Superficie de almacenamento delimitada para esta actividade	200 m ²	
Rotación media estimada	15-30 días	
	02 01 07	Residuos da silvicultura
	03 01 01	Residuos de casca e cortiza
	03 03 01	Residuos de cortiza e madeira
	03 01 05	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 030104
	15 01 03	Envases de madeira
	17 02 01	Madeira
	19 12 07 ⁽¹⁾	Madeira distinta da especificada no código 19 12 06
	20 01 38	Madeira distinta da especificada no código 20 01 37

⁽¹⁾ Este código LER reservárase para residuos provenientes de fóra de Galicia

Así como a autorización para exercer a actividade de valorización de residuos de madeira mediante a operación R0305 coas seguintes características:

Actividade	Valorización de <i>madeira de segundo uso</i>	
Proceso de valorización	Integración no proceso de desfibrado previo ao encolado e secado da fibra	
Capacidade máxima de tratamento	23.500 t/ano	
Capacidade normal de tratamento	11.750 t/ano	
Superficie de almacenamento delimitada para esta actividade	200 m ²	
Capacidade máxima puntual de almacenamento	75 t	
Residuos (LER/Descrición)	02 01 07	Residuos da silvicultura
	03 01 01	Residuos de casca e cortiza
	03 03 01	Residuos de cortiza e madeira
	03 01 05	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas



		e chapas distintos dos mencionados no código 030104
	15 01 03	Envases de madeira
	19 12 07 ⁽¹⁾	Madeira distinta da especificada no código 191206
	20 01 38	Madeira distinta da especificada no código 200137

⁽¹⁾ Este código LER resérvase para residuos provenientes de fóra de Galicia

En relación coas superficies de almacenamento, solicitan que se permita de forma puntual certa flexibilidade, sen acadar en ningún momento os 400 m² en conxunto, utilizando separacións movíbeis con elementos físicos.

A efectos do artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación Financiera Maderera, SA cualifica estas modificacións como non substanciais (expediente 2024-IPPC-M-120).

5. O 22.7.2024 Financiera Maderera, SA presentou documentación co obxecto de responder ao requirimento para a adaptación á Lei de residuos (expediente 2024-IPPC-M-61).

6. O 16.10.2024 recibíuse un informe da Sección de Calidade do aire en relación co seguimento ambiental e coas actualizacións que proceden e o 18.10.2024 do Laboratorio de Medio Ambiente en relación cos requirimentos que proceden derivados da actividade de valorización de residuos de madeira mediante a operación R0305.

7. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 14.11.2024 deuse trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes, no prazo establecido.

8. O 29.11.2024 Financiera Maderera, SA presentou alegacións relativas ao control que se require en emisións á atmosfera para os parámetros dioxinas e furanos no foco FS08 e en augas subterráneas para o piezómetro P3. Estas solicitudes foron trasladadas aos órganos competentes para a súa valoración.

O 7.2.2025 recibíuse o informe do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia estimando a solicitude do titular. Non consta o informe de Augas de Galicia, polo que se mantén o condicionado inicial.

9. O 10.12.2024 presentou a documentación que acredita o depósito das fianzas e diversas aclaracións e observacións respecto da documentación aportada durante o trámite de audiencia.

10. Non consta que comparecesen outros interesados neste procedemento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (actividades incluídas no anexo I, categorías 6.3 e 1.1.b).

2. O artigo 10 do dito real decreto recolle a posibilidade de modificación da autorización ambiental integrada como consecuencia dunha modificación non substancial da instalación.

3. O artigo 33 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular dispón a autorización administrativa previa, por parte do órgano autonómico competente en materia do ambiente, para ampliar instalacións fixas nas que se vaian realizar operacións de tratamento de residuos.

Así mesmo prevé que naqueles casos nos que a persoa física ou xurídica que solicite a autorización para realizar unha ou varias operacións de tratamento de residuos sexa titular da instalación de tratamento onde vaian a desenvolverse as ditas operacións, o órgano ambiental da comunidade autónoma onde estea situada a instalación concederá unha soa autorización que comprenda a da instalación e a das operacións de tratamento.

4. A disposición transitoria cuarta da dita Lei 7/2022 establece que as comunidades autónomas deberán adaptar as autorizacións e comunicacións de xestión de residuos existentes ao que nela se establece.

5. O artigo 33.9 da amentada Lei 7/2022 tamén establece que a autorización prevista no apartado 1 para as instalacións de tratamento de residuos quedará incorporada na autorización ambiental integrada concedida conforme ao Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados de contaminación, e incluírá os requisitos recollidos neste artigo tal e como establece o artigo 22.1.g) do citado texto refundido.

6. A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia (DOG núm. 38 do 25.2.2021) establece as obrigas dos suxeitos produtores, posuidores iniciais e xestores de residuos, entre outros aspectos. O artigo 27 establece que os suxeitos xestores que realicen tratamento de residuos deberán constituír previamente ao inicio da súa actividade unha fianza que terá por obxecto responder fronte á Administración do cumprimento das obrigas que se deriven da dita xestión.

7. O Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, regula as garantías financeiras esixibles (BOE núm. 78 do 1.4.2022).

8. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238 do 11.12.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias,
RESOLVE:

1. Dar de baixa no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia á inscrición co número SC-I-IPPC-XA-00005, que abarca a actividade dos centros de Padrón, de Rábade-Begonte

e de San Cibrao das Viñas, para realizar a inscrición por centro, dando cumprimento ao disposto no artigo 33 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (BOE núm. 85 do 9.4.2022).

2. Inscibir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia co número SC-IP-IPPC-XA-00030 á instalación de Padrón para a actividade de xestor de almacenamento de residuos non perigosos mediante a operación R1302.

Os residuos que comprende esta inscrición, as características da actividade e os seus condicionantes recóllense no punto 8. *Xestión de residuos* do apartado 4. *Condicións de específicas* desta resolución.

3. Autorizar e inscibir no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia á empresa Financiera Maderera, SA, co número SC-I-IPPC-XV-00114, para a actividade de xestor de valorización de residuos non perigosos mediante a operación R0305, que se realizará nas instalacións obxecto desta autorización.

Os residuos que comprende esta inscrición, as características da actividade e os seus condicionantes recóllense no punto 8. *Xestión de residuos* do apartado 4. *Condicións específicas* desta resolución.

4. Redactar un texto que integre todas as modificacións da autorización ambiental integrada desde que se resolveu a súa revisión para adaptala á Decisión de execución da Comisión do 20 de novembro de 2015 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles respecto á fabricación de taboleiros derivados da madeira, conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais; así como a actualización das condicións derivada do seguimento ambiental.

Este texto comprende a resolución do 22.11.2019 pola que se revisa a autorización ambiental integrada; as correccións de erros do 11.3.2020 e 21.4.2020; a resolución de modificación non substancial do 29.2.2024 (expediente 2022-IPPC-M-146); as solicitudes de ampliación das operacións de xestión de residuos non perigosos que se mencionan nos antecedentes (expediente 2024-IPPC-M-120) e as adaptacións necesarias conforme á Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (expediente 2024-IPPC-M-61).

A autorización inclúe a descrición, condicións, obrigas e dereitos que se indican nos seguintes apartados:

1. Datos administrativos
 2. Descrición da instalación
 3. Condicións xerais
 4. Condicións específicas
 5. Programa de vixilancia e seguimento ambiental
- Anexo I: Parámetros a considerar na estimación do tratamento do vertido

1. DATOS ADMINISTRATIVOS

Datos do titular		
Razón social: Financiera Maderera, SA		
NIF: A15005499		
Enderezo: estrada A Coruña-Tui, km 57		
Provincia: A Coruña	Concello: Santiago de Compostela	Código postal: 15890

Datos da instalación			
Denominación da instalación: Financiera Maderera, SA – Centro Padrón			
Actividade principal: fabricación de taboleiros de fibra de madeira			
Actividade secundaria: produción e distribución de enerxía, de vapor e de auga quente			
Enderezo postal: Paraíso, s/n			
Provincia: A Coruña	Concello: Padrón	Código postal: 15900	
UTM X (m): 528.100	UTM Y (m): 4.730.200	Fuso: 29	Datum ETRS 89 29N
Referencia catastral: 8202801NH2380SOC01WW; 8204911NH2380S0001PW			
Superficie total da parcela (m ²): 203.243		Superficie ocupada pola actividade (m ²): 203.243	
Vertedura de augas residuais: procedentes das cubertas e pluviais de escurrega depuradas		Órgano de conca: Augas de Galicia	
Vertedura de augas residuais: sanitarias		Xestor da rede: Concello de Padrón	
Sistema de xestión medioambiental: Financiera Maderera, SA dispón dun sistema de xestión ambiental certificado conforme coa norma ISO 14001:2015 para as actividades: a) Produción de taboleiros de fibras de madeira (MDF), taboleiros de fibras recubertos con papel impregnado con resinas melamínicas e recubertos con chapa natural. A produción de chapa de madeira. Almacenamento de residuos non perigosos conforme á autorización SC-I-IPPC-XV-00005. b) A coxeración de enerxía eléctrica e térmica.			

Categorías e rexistros da instalación/actividade	
CNAE (principal): 16.21 - Fabricación de chapas e taboleiros de madeira	
Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 6.3; 1.1 b)
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 6.1.c, 1.1
Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental	Non aplica (instalación existente)
Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do	Código E-PRTR: 1419





Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Presentado
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Establecemento non afectado
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade non incluída
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada
NIMA (número de identificación medioambiental)	1500000273
Produtor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-P-00110
	eSIR: 12P01150000027303
Produtor de residuos non perigosos	SC-I-IPPC-P-00005
	eSIR: 12P03150000027301
Xestor de residuos (almacenamento) R1309	Inscripción: SC-I-IPPC-XA-00030
	eSIR: 12G05150000027304
Xestor de residuos (valorización) R0305	Inscripción: SC-I-IPPC-XV-00114
	eSIR: 12G04150000027300
Número de autorización de xestor de tratamento	eSIR:12E02150000027200

Seguros e garantías financeiras

Seguro de responsabilidade medioambiental	Núm. póliza: 0030075964 Contía: 25.000.000 €	
Seguro de responsabilidade civil	Núm. póliza: 0030075964 Contía: 450.000 €	
Fianzas		
<i>Actividade</i>	<i>Núm. rex.</i>	<i>Contía (€)</i>
Produtor de residuos perigosos	566/2024	15.000





Xestor de residuos (almacenamento) R1302	581/2024	10.000
Xestor de residuos (valorización) R0305	580/2024	10.000





2. DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN

1. DESCRICIÓN XERAL

A instalación obxecto desta autorización é unha planta de fabricación de tableiros e outros produtos derivados que se localiza no concello de Padrón, nunha zona limítrofe co río Ulla, na que se mestura a actividade industrial cun entorno habitado:




A planta fabrica tableiros de fibra de madeira a partir de troncos de árbores e de residuos de madeira mediante un proceso que pasa polas etapas de preparación da madeira, tratamento da fibra, formación do tableiro, acabado e expedición. Os produtos elaborados son tableiro MDF, tableiro melamina, tableiro rechapado e chapa.

2. DESCRICIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

O proceso de produción do tableiro realízase conforme se describe na seguinte figura:





Liñas de valores engadidos

Na planta contan ademais coas seguintes liñas de valores engadidos:

- Liña de melaminas (2)
- Liñas de chapa (1)
- Liñas de rechapado (2) (unha delas cunha "rusticadora", para envellecer o tableiro)

3. INSTALACIÓNS TÉRMICAS

Están conformadas por:

- Planta de coxeración, con dous motores, que produce enerxía eléctrica para o consumo da fábrica
- Caldeira de biomasa (Vyncke)
- Xerador de vapor (Sugimat)
- 2 cámaras de combustión (Recalor)

- 2 caldeiras de aceite térmico (Sugimat) (en situación de reserva)

Os gases que xeran son trasladados aos secadoiros das liñas de MDF e, dende aí, emitidos á atmosfera.

4. VERTE DURAS

A xestión que se efectúa das augas residuais é:

- Augas residuais industriais: non se efectúa vertido ao dominio público, xa que son reincorporadas ao proceso industrial, vía tratamento físico-químico ou vía evaporación-condensación e posterior xeración de vapor a partir do condensado,
- Augas residuais fecais: son vertidas á rede municipal con depuración posterior na estación depuradora de augas residuais municipal,
- Augas residuais pluviais: son vertidas a dominio público. Segréganse as augas procedentes das cubertas das naves, que son vertidas directamente, das augas de escorrega superficial, que son recollidas nunha canle no perímetro que bordea o río Ulla e son tratadas antes da súa vertedura.

5. ALMACENAMENTO DE MATERIAS PRIMAS E PRODUTOS

Almacenamento	Materiais	Tipo
MATERIAS PRIMAS Taboleiro de madeira de fibra de media densidade	- Madeira (puntal, costeiro, achas) e residuos de madeira a) Resinas aminoplasto fab. taboleiro b) Emulsións parafina c) Outros produtos químicos	Área de almacenamento cunha superficie pavimentada nun 90% de 50.000 m ² , estando unha superficie de 1.420 m ² protexida da intemperie por unha nave. Na superficie sen pavimentar amorease madeira puntualmente a) 8 depósitos aéreos, 3 de 75m ³ e 5 de 100 m ³ b) 1 depósito de 100 m ³ c.1) Fincat: 2 depósitos de 100 m ³ c.2) Ignifugante: 1 depósito de 100 m ³
PRODUTO Taboleiro de madeira de fibra de media densidade	- Taboleiro de madeira de fibra de media densidade (desnudo, melaminizado e rechapado)	Área de produción ao 100% pavimentada e cuberta, ó igual que a superficie de almacenamento. Superficie aprox. de 64.535 m ²
OUTRAS MATERIAS PRIMAS Utilizados en procesos auxiliares	Coagulante orgánico NaOH	a) 1 depósito aéreo de 30 m ³ b) 1 depósito aéreo de 80 m ³ c) 1 depósito aéreo de 30 m ³
COMBUSTIBLES	a) Fuelóleo b) Gasóleo C c) Gasóleo B d) GLP	a.1) 5 depósitos aéreo de 30, 30, 10, 100 e 700 m ³ b.1) 1 depósitos aéreo de 10 m ³ b.2) 1 tanque soterrado de 80 m ³ c) 1 depósito aéreo de 30 m ³



		d) 1 depósito aéreo de 13 m ³
--	--	--

6. OUTRAS INSTALACIÓNS AUXILIARES

Ademais das instalacións xa descritas, a instalación dispón dunha estación de regulación e medida (ERM) de gas natural, que se localiza nas inmediacións da planta de tratamento de augas industriais.

7. CAPACIDADE

A capacidade produtiva máxima de taboleiro nu MDF é de 1.004 m³/día.

8. CONSUMOS DE COMBUSTIBLES E DE RECURSOS NATURAIS

	Procedencia	Consumo medio
Auga	Rede municipal + 3 pozos	270.145 m ³
Enerxía eléctrica	Rede xeral	80.374 Mw/ano
Fuel óleo	--	5.772 t
Gasóleo B	--	217 t
Gasóleo C	--	25 t
Biomasa	--	66.752 t
Gas natural	--	10.184.324 Nm ³

9. MATERIAS PRIMAS

Materia prima	Consumo medio
Madeira	335.445 t
Papel de melamina	10.624 m ²
Colas (resinas de aminoplastos)	32.994 t
Emulsión de parafina	2.486 t

Grado utilización	Medio
m ³ de taboleiro ao ano	212.124
m ³ de taboleiro por día	581
m ³ de taboleiro por día (cap nominal)	1.004
% utilización	58 %



3. CONDICIÓN XERAIS

1. PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

Contarase coas inscricións que correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, manteranse actualizadas e cumpriranse cos condicionantes recollidos nestas.

Durante a vixencia da autorización débense manter viventes e actualizadas en todo momento as garantías asociadas á xestión autorizada e a póliza do seguro de responsabilidade civil citadas no apartado 1. Datos administrativos desta resolución, co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 23.5 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e nas súas normas de desenvolvemento. O incumprimento desta obriga suporá a suspensión da eficacia da autorización outorgada e non poderá exercer as actividades mentres persista esta circunstancia.

No caso de que os residuos anuais xestionados sufran un incremento, deberá informar a esta dirección xeral deste feito para proceder, de ser o caso, á actualización da contía da fianza que debe ter depositada.

En todo caso, deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

Para as actividades de xestión de residuos:

1.1. Arquivo cronolóxico das actividades

O titular deberá dispor dun arquivo electrónico onde se recollan, por orde cronolóxica, a cantidade, natureza, orixe, destino, frecuencia de recollida, medio de transporte e método de tratamento dos residuos, segundo o establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, do 8 de abril.

De acordo co artigo 27.5 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e independentemente da natureza dos residuos xestionados, existe a obriga de levar o arquivo cronolóxico de xeito telemático a través da plataforma habilitada ao efecto (GAIA).

1.2. Presentación de información

A empresa deberá presentar, segundo o modelo oficial, unha memoria resumo anual da información contida no arquivo cronolóxico, referida ao ano natural anterior, antes do 1 de marzo de cada ano, de conformidade co sinalado no artigo 65 da Lei 7/2022 e no artigo 28 da Lei 6/2021.

2. Rexistro estatal de emisións contaminantes

A instalación está afectada polo Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas (BOE núm. 96 do 21.4.2007) polo que o titular debe comunicar a información requirida anualmente vía telemática ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE-Sección PRTR).



A notificación incluirá todas as substancias do anexo II do antedito real decreto que polos seus procesos, materias primas e combustibles utilizados poidan ser emitidas ou vertidas. O órgano ambiental considera, para as substancias que non declare, que a instalación afirma que non son parte da emisión ou vertido e que podería demostralo documentalmente.

Ademais do anterior, nesta notificación deberase incluír polo menos:

- Para o caso de contaminantes calculados: indícaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga máscica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.
- Para o caso de contaminantes medidos: norma que contén ao método de medida, número de medidas (no caso de mostraxes non continuas) e todos os parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga máscica anual (resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda e resultados en kg/ano ou t/ano).
- Para o caso de contaminantes estimados: indícaranse en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga máscica das emisións.

3. INFORME DE SITUACIÓN

A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados (DOG núm. 57 do 24.3.2009). De acordo co disposto no artigo 5 do antedito decreto, o titular da instalación está obrigado a remitir un informe de situación cada 5 anos. Este informe deberá presentarse dentro dos 3 meses anteriores á data de expiración do prazo.

4. CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO EN SITUACIÓNS DISTINTAS DAS NORMAIS E NO CASO DE ACCIDENTE/INCIDENTE

Sen prexuízo das medidas que o titular deba adoptar en cumprimento do seu plan de autoprotección, a normativa de protección civil, de prevención de riscos laborais, do seu plan de emerxencia exterior no marco das medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, ou de calquera outra normativa de obrigado cumprimento que afecte á instalación e da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, o titular da instalación deberá:

a) Ante situacións de explotación que poidan afectar ao medio ambiente ou con posibles repercusións na saúde das persoas, como nos casos de posta en marcha e/ou parada, derramos de materias primas, residuos, vertidos ou emisións á atmosfera superiores ás admisibles, fallos de funcionamento ou paradas temporais:

- Dispor dun plan específico de actuacións e medidas para as condicións de explotación distintas ás normais, co fin de previr ou, cando isto non sexa posible, minimizar os danos ao medio ambiente e as posibles repercusións na saúde das persoas.



- Comunicar inmediatamente ao órgano de cunca e ao órgano ambiental competente calquera anomalía na actividade e/ou nas instalacións de depuración de augas residuais que poidan orixinar un vertido, autorizado ou non, en condicións inadecuadas ou que poida supor a realización dun by-pass de augas non tratadas. Simultaneamente, adoptaranse as actuacións e medidas necesarias para corríxila no menor tempo posible, debendo cesar o vertido de inmediato.
- Comunicar inmediatamente ao órgano ambiental competente os casos de desaparición, perda ou escape de residuos perigosos, os incidentes na instalación que poidan afectar negativamente á calidade do solo, así como calquera emisión á atmosfera non incluída na autorización ou que supere os límites establecidos, adoptando simultaneamente as actuacións e medidas necesarias para corríxilas.

Dentro destas medidas considerarase, no caso de ser necesario, a suspensión da actividade.

b) No caso de accidente, adoptar as medidas recollidas nos plans de emerxencia, realizando as comunicacións inmediatas que procedan aos diferentes organismos que deban intervir. Dentro destas comunicacións incluírase o órgano ambiental competente.

Ademais, nun prazo máximo de 48 horas, realizaranse as ditas comunicacións por escrito indicando: tipo de incidencia/accidente ou suceso, localización, causas, hora na que se produciu e duración; no caso de vertido accidental: caudal e materias vertidas; no caso de superacións de límites: datos de emisións; estimación dos danos causados; medidas correctoras adoptadas; medidas preventivas para evitar a súa repetición; prazos previstos para a aplicación efectiva de medidas preventivas. Finalizado o suceso, nun prazo máximo de 30 días a contar dende este, presentárase un informe detallado coas medidas adoptadas debidamente acreditadas, persistencia dos problemas e propostas de solución para evitar a súa repetición.

5. INSPECCIÓN DE SEGUIMIENTO

De acordo co disposto no capítulo III do Real decreto 815/2013, de 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados de la contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013), ao longo da vixencia da autorización realizaranse inspeccións de seguimento da actividade para verificar o cumprimento das condicións establecidas nesta.

Sen detrimento do anterior, en todo momento e sen previo aviso, poderase acceder á instalación e realizar as inspeccións que se estimen convenientes para comprobar o cumprimento das condicións impostas nesta autorización.

6. REVISIÓN SUCESIVAS DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA

Á instalación aplícalle o procedemento de revisión da autorización ambiental integrada regulado no artigo 26 do Real decreto lexislativo 1/2016:

- O órgano ambiental competente revisará as condicións da autorización ambiental integrada nun prazo de 4 anos a partir da publicación de novas conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles, en canto á principal actividade da instalación. A revisión



terá en conta todas as conclusións relativas aos documentos de referencia MTD aplicables á instalación, dende que a autorización fora concedida, actualizada ou revisada.

- Se a instalación non está cuberta por ningunha das conclusións relativas ás MTD, as condicións da autorización revisaranse e, de ser o caso, adaptaranse cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións.
- A autorización revisarase de oficio nos supostos sinalados no apartado 4 do dito artigo 26.

7. COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓNS NA INSTALACIÓN E DE CAMBIO DE TITULARIDADE

O titular da instalación deberá comunicar ao órgano ambiental competente calquera modificación, substancial ou non, que se propoña realizar na instalación, de conformidade co disposto nos artigos 10 do Real decreto legislativo 1/2016 e 14 do Real decreto 815/2013.

No caso de modificacións substanciais deberá actualizarse a análise de riscos medioambientais, de conformidade co regulado no artigo 34 da Lei 26/2007, de Responsabilidade medioambiental.

Ademais, tamén deberá comunicar a transmisión da titularidade e/ou cambio de razón social da instalación, aportando a documentación acreditativa e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009. O novo titular continuará nas mesmas condicións da autorización ambiental integrada en vigor, de maneira que non será considerada como unha nova instalación.

8. CESAMENTO TEMPORAL

O titular deberá presentar unha comunicación previa ao cesamento temporal da actividade, total ou parcial. No caso de ter varias actividades autorizadas indicará en cal delas se produce aquel. Durante este período deberán cumprir coas condicións establecidas na autorización ambiental integrada en vigor que lle sexan aplicables. Poderá reanudar a actividade de acordo coas condicións da autorización, previa presentación dunha comunicación. O cesamento temporal non poderá superar os 2 anos dende a súa comunicación.

9. CESAMENTO DEFINITIVO E PECHE DA INSTALACIÓN

O titular comunicará o cesamento definitivo da actividade, total ou parcial, ao órgano ambiental competente cunha antelación mínima de 6 meses á data prevista. No caso que ter varias actividades autorizadas indicará en cal delas se produce o cesamento. Se este afectase a todas as actividades, producirase o peche da instalación.

Xunto coa dita comunicación, de ser o caso, deberá presentar o proxecto completo de desmantelamento das instalacións para a súa aprobación.

Este proxecto deberá conter, polo menos, unha previsión das actuacións para o desmantelamento de equipos e infraestruturas en función do uso posterior do terreo, unha descrición dos tipos e cantidades de residuos a xerar durante o desmantelamento, xestión, planificación temporal das actuacións, presuposto previsto para todas as operacións, unha proposta de seguimento e control ambiental e o informe de situación de solos regulado no artigo

5 do Decreto 60/2009. En particular, deberá darse cumprimento ao artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2016.

Tras a avaliación da antedita documentación o órgano ambiental competente establecerá as condicións que lles aplican a estas actuacións.

10. INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN DAS AUTORIZACIÓN

O incumprimento das condicións recollidas na resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no título IV do Real decreto legislativo 1/2016, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.

11. RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

O operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007) e na súa normativa de desenvolvemento.

12. OUTRAS AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

Esta autorización ambiental outórgase sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas que sexan esixibles polo ordenamento xurídico vixente.



4. CONDICIÓN ESPECÍFICAS

1. ADAPTACIÓN ÁS CONCLUSIÓN SOBRE AS MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES (MTD)

A actividade que se desenvolve na instalación está dentro do alcance da Decisión de execución da Comisión do 20 de novembro de 2015 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, respecto á fabricación de tableiros derivados da madeira (DOUE do 24.11.2015).

Na seguinte táboa recóllense as técnicas descritas na citada decisión que aplican a esta instalación e o grao actual de cumprimento por parte do titular. No caso de que apliquen varias técnicas e o documento estableza a posibilidade de implantar unha ou unha selección, recóllense as técnicas implantadas:

1.1 Conclusións xerais sobre as MTD			
MTD	Descrición	Aplica na instalación	Medida implantada
1.1.1 Sistema de xestión ambiental (SXA)			
1	Implantación e adhesión a un sistema de xestión ambiental con características definidas	Si	Dispoñen dun sistema de xestión certificado na norma UNE-EN ISO 14001:2015
1.1.2 Boas prácticas			
2	Aplicar os principios de boas prácticas utilizando todas as técnicas descritas	Si	As prácticas enumeradas están implantadas na instalación e desenvolvidas en procedementos escritos.
3	Para reducir as emisións á atmosfera, os sistemas de tratamento de gases residuais deben funcionar con alta dispoñibilidade e a súa capacidade óptima en condicións normais de explotación	Si	Efectúan as revisións e mantementos preventivos e correctivos necesarios para garantir o funcionamento destes sistemas (ciclóns nos secadoiros, filtros de mangas no transporte de material, lavado de gases da prensa e un precipitador electrostático húmido WESP no secado).
1.1.3 Ruído			
4	Para evitar ou, cando non sexa posible, reducir o ruído e as vibracións, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas descritas		
	Técnicas de prevención do ruído e das vibracións	Si	Realizan controis periódicos do ruído con seguimento fóra dos límites da instalación.
	Técnicas de redución do ruídos e das vibracións procedentes de fontes puntuais	Si	Confinamento de soprantes e uso de <i>silentblocks</i> nos motores de fábrica. Illamento do ventilador da cheminea de Recalor e do ciclofiltro do escuadrado. Planta de coxeración: silenciosos para os escapes dos motores e edificio construído en formigón. Mantemento de entradas e portas pechadas cando non se utilizan.
	Técnicas de redución do ruídos e das vibracións a nivel do lugar	Si	Limitación de velocidade de circulación no interior da fábrica. Mantemento periódico dos equipos.





			<p>Establecemento de normas de circulación no exterior da fábrica, coñecidas tanto polo persoal interno como polo externo mediante a entrega de ditas normas.</p> <p>As carretillas e vehículos automotores están dotadas con silenciosos para atenuar a emisión de ruído no exterior.</p>
1.1.4 Emisións ao solo e ás augas subterráneas			
	Para evitar as emisións ao solo e ás augas subterráneas, a MTD consiste en aplicar as técnicas descritas		
5	Varias técnicas destinadas á protección do solo que inclúen medidas preventivas e de control nas canalizacións, de protección do solo contra fugas e de recollida e eliminación destas	Si	A instalación dispón das medidas descritas, agás as que se refiren aos pozos de bombeo, porque non dispoñen destes pozos.
1.1.5 Xestión da enerxía e eficiencia enerxética			
	Para reducir o consumo enerxético, a MTD consiste en adoptar un plan de xestión da enerxía que inclúa todas as técnicas descritas		
6	Varias técnicas que comprenden o seguimento do consumo enerxético e dos seus custos, auditorías de eficiencia enerxética, utilización dun enfoque sistemático para mellorar continuamente os equipos a fin de aumentar a súa eficiencia enerxética, mellora dos controis do uso da enerxía e formación interna en xestión da enerxía	Si	A instalación conta coas técnicas descritas
	Para aumentar a eficiencia enerxética, a MTD consiste en optimizar o funcionamento da instalación de combustión por medio do seguimento e control dos principais parámetros de combustión (por exemplo O ₂ , CO e No _x) e aplicar unha ou varias técnicas das que se citan		
7	<p>a) Eliminar a auga dos lodos de madeira antes de utilizalos como combustible</p> <p>b) Recuperar a calor dos gases residuais quentes nos sistemas de eliminación por vía húmida utilizando un intercambiador de calor</p> <p>c) Devolver os gases residuais quentes dos diferentes procesos á instalación de combustión ou utilizalos para prequentar os gases destinados ao secador</p>	Si	<p>Contan coas medidas indicadas no punto c) .</p> <p>As técnicas dos puntos a) e b) non aplican a esta instalación.</p> <p>Ademais, contan coas técnicas descritas no apartado 4.3 do BREF de eficiencia enerxética.</p>
8	Para un uso eficiente da enerxía na preparación de fibras húmidas destinadas á produción de taboleiros de fibras, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas que se describen		
	<p>a) Limpeza e reblandecemento de achas</p> <p>b) Evaporación ao baleiro</p> <p>c) Recuperación da calor a partir do</p>	Si	<p>Aplican as seguintes medidas:</p> <p>a) Reblandecemento de achas: inxectan vapor na moega de achas previa ao dixestor.</p> <p>b) Evaporación ao baleiro: instalado un sistema de</p>





	vapor producido durante o refino		evaporación de película descendente.
1.1.6 Olores			
9	Para evitar ou, cando non sexa posible, reducir os olores procedentes da instalación, a MTD consiste en aplicar e revisar periodicamente un plan de xestión de olores, como parte do SXA, que inclúa todos os elementos que se enumeran	--	Non
10	Para previr e reducir os olores, a MTD consiste en tratar os gases residuais do secador da prensa, de acordo coas MTD números 17 e 19		Non
			--
1.1.7 Xeración e xestión de residuos			
11	Para evitar a xeración, ou cando isto non sexa posible, reducir a cantidade de residuos que van enviarse para a súa eliminación, a MTD consiste en adoptar e aplicar, no marco do SXA, un plan de xestión de residuos que, por orde de prioridade, permita que os residuos se eviten, se preparen para a súa reutilización, se reciclen ou se recuperen por outros medios	--	Si
			A instalación inclúe dentro da avaliación ambiental anual a análise da xeración de residuos e, en función dos resultados dos últimos 3 anos, determina o tipo de medidas necesarias para a súa redución.
12	Para reducir a cantidade de residuos sólidos que se envían para a súa eliminación, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas que se citan a) Reutilizar como materia prima residuos recollidos in situ. b) Utilizar como combustible o como materia prima residuos de madeira recollidos in situ. c) Utilizar sistemas de recollida anular cunha sola unidade central de filtración para optimizar a recollida de residuos.		Si
			A instalación declara que aplican as medidas de reutilización como materia prima e como combustible de residuos de madeira, así como as do punto c) (unificados por procesos).
13	Para garantir a xestión segura e a reutilización das cinzas e escouras de fondo de forno procedentes da combustión de biomasa, a MTD consiste en utilizar todas as técnicas que se describen a) Revisión continua das posibilidades de reutilizar dentro e fóra da instalación as cinzas e escouras de fondo de forno. b) Proceso de combustión eficiente que reduza o contido en carbono residual. c) Almacenamento segura das cinzas e escouras de fondo de forno.		Si
			Indican que aplican todas as medidas descritas
1.1.8 Control			
14	A MTD consiste en controlar as emisións á atmosfera e á auga e os gases de escape do proceso de conformidade coas normas EN, polo menos coa frecuencia que se indica na táboa. Se aínda non están dispoñibles as normas EN, a MTD consiste en aplicar as normas ISO ou outras normas nacionais ou internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente	--	Si
			A instalación declara que cumpre co disposto na decisión, coas seguintes particularidade:





			<ul style="list-style-type: none"> Formaldehido: propoñen efectuar o seguimento conforme ao último borrador dispoñible do CEN/TC 264 WI 00264176.8 "Stationary source emissions – Determination of the mass concentration of formaldehyde – Manual method" Partículas en filtros de mangas e ciclofiltros: propoñen o control continuo da caída de presión a través do filtro en substitución da medición periódica
15	Para garantir a estabilidade e a eficiencia das técnicas utilizadas para previr e reducir as emisións, a MTD consiste en monitorizar os parámetros substitutivos apropiados		
	Para garantir a estabilidade e a eficiencia das técnicas utilizadas para previr e reducir as emisións, a MTD consiste en monitorizar parámetros substitutivos apropiados	Si	Para os filtros de mangas e ciclofiltros propoñen o control continuo da caída de presión a través do filtro en substitución da medición periódica
16	A MTD consiste en monitorizar os principais parámetros do proceso pertinentes para as emisións á auga procedentes do proceso de fabricación, incluídos o caudal, o pH e a temperatura das augas residuais		
	--	Non	Non se efectúa vertedura de augas de proceso, xa que son reincorporadas ao proceso industrial
1.2 Emisións á atmosfera			
1.2.1 Emisións canalizadas			
17	Para evitar ou reducir as emisións á atmosfera procedentes do secadoiro, a MTD consiste en lograr un funcionamento equilibrado do proceso de secado e utilizar unha ou varias das técnicas que se enumeran		
	a) Redución de partículas dos gases quentes de admisión a un secador directo, en combinación con unha ou varias das demais técnicas que se enumeran a seguir. b) Filtro de mangas. c) Ciclón. d) Secador UTWS e combustión con intercambiador de calor e tratamento térmico dos gases residuais procedentes do secador. e) Precipitador electrostático húmido. f) Depurador húmido. g) Depurador biolóxico. h) Degradación química ou captura de formaldehido con substancias químicas en combinación cun sistema de depuración húmida.	Si	Implantación das medidas descritas no apartados a), c) e e). Ademais, declaran que aplican a MTD 6 de grandes instalacións de combustión ¹
18	Para evitar ou reducir as emisións de NO _x á atmosfera procedentes dos secadoiros directos, a MTD consiste en utilizar a técnica descrita no punto a) ou a técnica do punto a) en combinación coa técnica b)		

1 Aínda que esta instalación non entra dentro do ámbito das grandes instalacións de combustión





	a) Funcionamento eficiente do proceso de combustión mediante a combustión por etapas (pulverización, leito fluído ou grellas móbiles). b) SNCR.	Si	Declaran que aplican as técnicas recollidas no punto a) (grellas móbiles)
19	Para evitar ou reducir as emisións á atmosfera procedentes da prensa, a MTD consiste no arrefriamento rápido en conduto dos gases de prensa recollidos e unha combinación adecuada das técnicas que enumeran a) Selección de resinas con baixo contido en formaldehido. b) Funcionamento controlado da prensa. c) Depuración húmida dos gases residuos da prensa. d) Precipitador electrostático húmido. e) Biodepurador. f) Postcombustión como última etapa de tratamento tras a aplicación dun depurador húmido.	Si	Declaran que aplican as medidas descritas nos puntos a), b), c) e d)
20	Para reducir as emisións de partículas á atmosfera procedentes da transformación anterior e posterior da madeira, do transporte de madeira e da formación da manta, a MTD consiste en utilizar un filtro de mangas ou un ciclofiltro --	Si	Declaran que existen filtros de mangas e ciclofiltros ao longo de distintas partes do proceso de tratamento e transporte da madeira, así como na formación da manta
21	Para reducir as emisións de compostos orgánicos volátiles á atmosfera procedentes do forno de secado para impregnación de papel, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas que se enumeran --	Non	Non hai liña de impregnación de papel
1.2.2 Emisións difusas			
22	Para evitar ou, cando iso non sexa posible, reducir as emisións difusas á atmosfera procedentes da prensa, a MTD consiste en optimizar a eficiencia da recollida dos gases de escape e canalizalos para o seu tratamento --	Si	As emisións difusas na zona da prensa están confinadas mediante paramentos verticais e os gases son dirixidos ao exterior mediante aspiracións localizadas nos arrefriadores. As medicións internas realizadas amosan concentracións de formaldehido da orde de 0,8 mg/Nm ³ , polo que non se considera necesario o seu tratamento.
23	Para reducir as emisións difusas de partículas á atmosfera procedentes do transporte, manipulación e almacenamento de materiais a base de madeira, a MTD consiste en establecer e aplicar un plan de xestión de partículas, como parte do SXMA e utilizar unha ou varias das técnicas que se enumeran a) Limpeza periódica das vías de transporte, as zonas de almacenamento e os vehículos.	Si	A instalación aplica as medidas descritas nos puntos a) (limpezas), c) (almacenamento en silos de material pulverulento e da cortiza que se usa





	<p>b) Descarga de serraduras utilizando zonas de descarga cubertas.</p> <p>c) Almacenamento de serraduras e material poeirento en silos, contedores... ou confinamento das zonas de almacenamento a granel.</p> <p>d) Supresión das emisións de partículas por aspersión de auga.</p>		como combustible) e d) (aspersión de auga en época estival)
1.3 Emisións á auga			
	Para reducir a carga contaminante das augas residuais recollidas, a MTD consiste en utilizar as dúas técnicas citadas		
24	<p>a) Recollida e tratamento por separado das augas de escorrega e das augas residuais de proceso.</p> <p>b) Almacenamento de toda a madeira, excepto a madeira en rolo e as táboas, nunha zona de firme duro.</p>	Si	Aplican as dúas medidas (separación e tratamento por separado das correntes de auga e almacenamento de toda a madeira, excepto a madeira en rolo e as táboas, nunha zona de firme duro)
	Para reducir as emisións á auga procedentes das augas de escorrega, a MTD consiste en utilizar unha combinación das técnicas que enumeran		
25	<p>a) Separación mecánica de grosos como tratamento preliminar (cribas e moegas).</p> <p>b) Separación de auga-aceite.</p> <p>c) Retirada de sólidos por sedimentación.</p>	Si	A instalación conta con todas as medidas (separación mecánica de grosos, separación de auga-aceite e retirada de sólidos por sedimentación) e tamén posteriormente dun tratamento fisicoquímico mediante decantación lastrada por area
26	Para evitar ou reducir a xeración de augas residuais do proceso de fabricación de fibras de madeira, a MTD consiste en maximizar a reciclaxe de auga do proceso		
		Si	Declaran que aplican esta medida e relaciónana coa MTD 27
	Para reducir as emisións á auga procedentes da fabricación de fibras de madeira, a MTD consiste en utilizar unha combinación das técnicas que enumeran		
27	<p>a) Separación mecánica de grosos por medio de cribas e moegas.</p> <p>b) Separación fisicoquímica.</p> <p>c) Tratamento biolóxico.</p>	Si	<p>Declaran contar cun evaporador de dous efectos con tecnoloxía baseada no fenómeno denominado película descendentes. O condensado que se obtén utilízase para a xeración de vapor no dixestor.</p> <p>Tamén dispoñen de tratamento fisicoquímico por coagulación-floculación cun equipo de flotación por aire disolto e posterior tratamento dos lodos mediante filtro prensa</p>
28	Para evitar ou reducir a xeración de augas residuais procedentes dos sistemas de redución de emisións á atmosfera por vía húmida que deben tratarse antes do vertido, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas que se describen		
	<p>a) Sedimentación, decantación, prensas de parafuso e de correa para retirar os sólidos recollidos.</p> <p>b) Flotación por aire disolto. Coagulación e floculación seguidas</p>	Si	<p>Declaran as seguintes técnicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Prensa: decantación e flotación para a reutilización das augas que se xeran neste proceso • Secadoiro: o precipitador electrostático



	da retirada de flóculos mediante flotación por aire disolvido.		húmido (<i>WESP</i>) que instalarán incorpora un sistema de tratamento completo da auga de recirculación, 2 etapas de filtración e tratamento por flotación
--	--	--	---

2. SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL

A instalación manterá un sistema de xestión ambiental normalizado conforme á Norma UNE-EN-ISO 14001 e certificado por entidade acreditada. Este sistema ten que cumprir coas prescricións recollidas na Decisión de execución da Comisión do 20 de novembro de 2015 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, respecto á fabricación de taboleiros derivados da madeira.

As operacións realizadas en aplicación da MTD 1.1.2.3 quedarán rexistradas e a disposición da Administración.

3. EMISIÓNS Á ATMOSFERA

3.1 Catalogación en base ao anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera (BOE núm. 275 do 16.11.2007)

Actividade	Grupo	Código
Produción de taboleiro aglomerado	B	04 06 17 01
Caldeiras de combustión de potencia térmica nominal < 50 MWt e > 20 MWt	B	03 01 03 01
Outros equipos de combustión <50 MWt e >5 MWt	B	03 01 06 02
Almacenamento ou operacións de manipulación, mesturado, separación, clasificación, transporte ou redución de tamaño de materiais pulverulentos na industria de transformación da madeira con capacidade ≥ 1000 t/día	A ⁽¹⁾	04 06 17 50
Almacenamento ou operacións de manipulación, mesturado, separación, clasificación, transporte ou redución de tamaño de materiais pulverulentos na industria de transformación da madeira con capacidade <200 t/día	B ⁽¹⁾	04 06 17 52
Almacenamento de produtos químicos orgánicos líquidos ou gasosos con capacidade ≥ 100 m ³	B ⁽¹⁾	04 05 22 03
Motores de combustión interna de potencia térmica nominal > 20 MWt	A	03 01 05 01
Motores de combustión interna de potencia térmica nominal ≤ 20 MWt e >5 MWt	B	03 01 05 02
Motores de combustión interna de potencia térmica nominal <1 MWt	--	03 01 05 04
Tratamento de augas/efluentes residuais na industria. Plantas con capacidade de tratamento <10.000m ³ ao día	C	09 10 01 02
Instalacións asociadas ao almacenamento ou condución de gas (incluídas instalacións de regasificación, compresión ou licuefacción)	C	05 06 01 01

⁽¹⁾ Clasifícanse as actividades nos grupos A e B, respectivamente, por aplicar a chamada 2 do CAPCA, ao estar actividade a menos de 500 m dun núcleo de poboación



3.2 Focos de proceso

Focos asociados á produción de taboleiro		
Foco	Proceso	Tipo de combustible
FNS07 Extracción prensa MDF II ⁽¹⁾	Prensado de taboleiro MDF II	--
FNS01 ⁽¹⁾ Secadoiro capa interna A MDF II	Secado de fibra para capa interna en dúas etapas. O secadoiro está composto por dous ciclóns para a primeira etapa e un para a segunda. O ciclón de segunda etapa non constitúe un foco xa que é cerrado e os seus retornos recírculanse á primeira etapa	Biomasa Gas natural
FNS02 ⁽¹⁾ Secadoiro capa interna B MDF II		
FNS05 ⁽¹⁾ Secadoiro capa externa MDF II	Secado de fibra para capa externa en dúas etapas. O secadoiro está composto por un ciclón para a primeira etapa e outro para a segunda. O ciclón de segunda etapa non constitúe un foco xa que é cerrado e os seus retornos recírculanse á primeira etapa	Gases de motor de coxeración a fuel Biomasa Gas natural
FS05 Extracción prensa 1A e 1B	Recubrimento de taboleiro con papel de melamina	--
FS06 Extracción prensa 2A e 2B	Recubrimento de taboleiro con papel de melamina	--
FS07 Extracción prensa rechapado	Recubrimento de taboleiro con chapa de madeira natural	--
FS08 Secadoiro e extracción da prensa de MDF II	Secado de fibra para capa interna e capa externa. A continuación dos ciclóns dos secadoiros, os gases son conducidos a un sistema depurativo formado por un filtro electrostático húmido. Neste mesmo filtro electrostático trátanse os gases de extracción da prensa, previamente depurados no seu propio scrubber	Biomasa Gas natural Gases de combustión de motores de coxeración a fuel óleo e gas natural
FS09 Extracción volteador prensa	Arrefriado do taboleiro	--
FS10 Extracción volteador prensa		
FS11 Extracción volteador prensa		
FS12 Extracción volteador prensa		
⁽¹⁾ Foco non sistemático. Os gases emítense polo foco FS08		

Descrición de focos asociados á produción de taboleiro					
Foco	Tratamento final de liña	Altura (m)	Diámetro (m)	Coordenadas UTM-ETRS89 Fuso 29	
				X	Y
FNS07 Extracción prensa MDF II	Lavador de gases	46,3	1	528.070	4.729.988
FNS01 Secadoiro capa interna A MDF II	Ciclón alta eficiencia	45,5	2,4	528.068	4.729.991
FNS02 Secadoiro capa interna B MDF II	Ciclón alta eficiencia	45,5	2,4	528.068	4.729.985
FNS05 Secadoiro capa externa MDF II	Ciclón alta eficiencia	35,5	2,4	528.081	4.729.995





FS05 Extracción prensa plastificado 1 (dous focos)	--	16,2	1,10	527.905	4.730.087
FS06 Extracción prensa plastificado 2 (dous focos)	--	16,2	1,14	527.919	4.730.107
FS07 Extracción prensa rechapado	--	12,5	0,8	527.905	4.730.056
FS08 Secadoiros e extracción da prensa de MDF II	Filtro electrostático húmido	48,5	3,8	528.082	4.729.981
FS09 Extracción volteador prensa	--	12,5	0,9	528.051	4.730.021
FS10 Extracción volteador prensa	--	12,8	0,9	528.044	4.730.021
FS11 Extracción volteador prensa	--	12,8	0,9	528.045	4.730.032
FS12 Extracción volteador prensa	--	12,5	0,9	528.052	4.730.031

Descrición de focos de instalacións térmicas							
Instalación	Proceso	Ptn ⁽¹⁾ (MWt)	Combustible	Altura (m)	Diámetro (m)	Coordenadas UTM-ETRS89 Fuso 29	
						X	Y
FNS03 Caldeiras Sugimat nº1 e nº2 (en reserva)	Xeración de aceite térmico para a prensa ou para xeración de vapor para os dixestores. En reserva. Funcionamento no caso de emerxencia	31,25 ⁽²⁾	Gas natural	28,5	2,05	528.235	4.730.148
FNS04 Caldeira Vyncke	Xeración de aceite térmico para a prensa ou para xeración de vapor para os dixestores e gases quentes para o proceso de secado	35	Biomasa Gas natural (auxiliar)	31	1,5	528.214	4.730.152
FS24 Motor coxeración I	Xeración de electricidade e aproveitamento do calor dos gases no secadoiro de capa externa	16,2	Fuel óleo	45	0,99	528.247	4.730.178
FS23 Motor coxeración II	Xeración de electricidade e aproveitamento do calor dos gases no secadoiro de capa interna	21,5	Gas natural (ciclo Otto)	45	0,99	528.247	4.730.170





Cámara Recalor	Cámara de combustión para elevar a temperatura dos gases da primeira etapa do secadoiro. Dispón de dúas chemineas para liberar os gases en caso de sobrepresión	15	Gas natural Po de lixado	31	2,2	528.135	4.729.923
----------------	---	----	-----------------------------	----	-----	---------	-----------

⁽¹⁾ Potencia térmica nominal

⁽²⁾ Sugimat 1: 17,5 MWt; Sugimat 2: 13,75 MWt

Descrición de focos de instalacións térmicas				
Instalación	Tratamento final de liña	Sistematicidade das emisións ⁽¹⁾	Catalogación CAPCA 2010	
			Grupo	Código
FNS03 Caldeiras Sugimat n°1 e n°2 (en reserva)	Non dispón	Non sistemáticas ⁽²⁾ (uso en caso de emerxencia)	B	03 01 03 01
FNS04 Caldeira Vyncke	Ciclóns	Non sistemáticas ⁽²⁾ (os gases emítense polos secadoiros)	B	03 01 03 01
FS24 Motor coxeración I	Non dispón	Sistemáticas (os gases emítense polos secadoiros. Cando non se consumen na súa totalidade, emítense pola súa propia cheminea)	B	03 01 05 02
FS23 Motor coxeración II	Non dispón		A	03 01 05 01
Cámara Recalor	Non dispón	Non sistemáticas ⁽²⁾ (os gases emítense polos secadoiros. En caso de sobrepresión da cámara, emítense polas chemineas)	B	03 01 06 02

⁽¹⁾ % de duración das emisións respecto ao funcionamento da planta.

⁽²⁾ De acordo co Real decreto 100/2011, artigo 2.i (duración global das emisións <= 5% do tempo de funcionamento da planta). Con base no disposto no artigo 5.7 do dito RD, estas emisións non están suxeitas a valores límite de emisión nin a controis de emisións á atmosfera.

Focos asociados á transformación anterior e posterior da madeira					
Foco	Tratamento final de liña	Altura (m)	Diámetro (m)	Coordenadas UTM-ETRS89 Fuso 29	
				X	Y
FS12 FM lixadora R1 rechapado	Filtro de mangas	--	--	527.880	4.730.022
FS13	Filtro de mangas	--	--	527.868	4.730.023



FM lixadora R2 rechapado					
FS14 FM multiserra+Selco	Filtro de mangas	--	--	527.874	4.730.022
FS15 FM perfiladoras+achadora	Filtro de mangas	--	--	527.849	4.730.024
FS16 FM melaminas 1	Filtro de mangas	--	--	527.880	4.730.021
FS17 FM melaminas 2	Filtro de mangas	--	--	527.884	4.730.021
FS18 FM po nº1 lixado (grande)	Filtro de mangas	4,20	2,09 m ² (sección rectangular)	528.221	4.729.944
FS19 FM po nº2 lixado (pequeno)	Filtro de mangas				
FS20 FM cabezal nº3 e lixado nº 4	Filtro de mangas	3	3,3 m ² (sección rectangular)	528.224	4.729.923
FS21 FM MDF 1	Filtro de mangas	29	1,2	528.168	4.729.963
FS22 FM MDF 2	Filtro de mangas	30	1,4	528.163	4.729.964
FS23 FM MDF 3	Filtro de mangas	22	0,63	528.156	4.729.965
Ciclofiltro das serras	Ciclón	46	0,850	528.148	4.729.966
FS24 FM aspiración Dynasteam	Filtro de mangas	3	2,10 m ² (sección rectangular)	528.150	4.729.965

Emprego de biomasa como combustible nas caldeiras

A biomasa que se valoriza nas caldeiras deberá estar libre de compostos organohaloxenados ou metais pesados consecuencia do seu tratamento. No caso de que se prevexa empregar restos de madeira que conteñan substancias perigosas deberán contar previamente coa aprobación desta dirección xeral.

3.3 Outros focos

Na instalación existen outros focos asociados a grupos electróxicos de emerxencia e bombas contra incendios, que funcionan con gasóleo. Son focos de emisión non sistemáticos. Están sometidos a mantementos preventivos de acordo coas instrucións do fabricante e co SXMA da instalación.

Descrición de focos asociados a grupos electróxicos e bombas contra incendios				
Foco	Altura (m)	Diámetro (m)	Coordenadas UTM-ETRS89 Fuso 29	
			X	Y
Grupo electróxico SSGG	4,4	1	528.224	4.729.991
Grupo electróxico Vyncke	7	0,9	528.107	4.729.996
Grupo electróxico coxeración	8	1	528.111	4.729.966



Grupo electrógeno VVAA	3	1	572.822	4.730.026
Bomba diésel nº1 sala bombas	4	1	528.193	4.729.900
Bomba diésel nº 2 sala bombas	2,9	0,8	528.194	4.729.900
Bomba diésel nº1 sala rociadores	2,9	0,8	528.023	4.729.890
Bomba diésel nº2 sala rociadores	2,9	0,8	528.023	4.729.890

Xustificación de altura de chemineas

As alturas de cheminea están xustificadas de acordo coa instrución técnica IT/FE/DXCA/07: "Criterios para o cálculo da altura das chemineas".

3.4 Emisións difusas

A actividade xera emisións difusas nas operacións de manipulación de material. As medidas para tratar e minimizar estas emisións son as descritas a táboa do apartado relativo á adaptación ás conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

3.5 Valores límite de emisión

En todos os casos, tanto as concentracións como o caudal de gases deben referirse a 273,15 K de temperatura, 101,3 kPa de presión, gas seco e ao osíxeno indicado nas táboas.

Foco	Parámetro	Unidades	Valor límite de emisión
FS08 Secadoiros e extracción da prensa de MDF II	NO _x (expresados como NO ₂)	mg/Nm ³	230
	Partículas	mg/Nm ³	20
	COVT	mgC/Nm ³	120
	Formaldehido	mg/Nm ³	15

Foco	Parámetro	Unidades	Valor límite de emisión
FS05 Extracción prensa plastificado 1	COVT	mgC/Nm ³	50
FS06 Extracción prensa plastificado 2			
FS07 Extracción prensa rechapado			

Para os focos indicados nas táboas anteriores, considerarase que se cumpren os valores límite de emisión se o valor medio das medicións realizadas para cada parámetro non supera o valor límite de emisión.

Foco	Parámetro	Unidades	Osíxeno de referencia (%V)	Valor límite de emisión
Motor de coxeración I	SO ₂	mg/Nm ³	5	1700



	CO	mg/Nm ³	5	650
	NO _x (expresados como NO ₂)	mg/Nm ³	5	6000
	Partículas	mg/Nm ³	5	130

A verificación do cumprimento dos valores límite de emisión realizarase conforme á instrución técnica IT/FE/DXCAA/15: "Criterios para a verificación do cumprimento dos valores límite de emisión".

Foco	Parámetro	Unidades	Osíxeno de referencia (%V)	Valor límite de emisión
Motor de coxeración II	CO	mg/Nm ³	5	1000
	NO _x (expresados como NO ₂)	mg/Nm ³	5	1500
	Opacidade de gases	Escala Bacharach	--	2

A verificación do cumprimento dos valores límite de emisión realizarase conforme ao seguinte criterio: a media dos resultados das medicións realizadas no período de mostraxe non supera o valor límite de emisión e no caso da opacidade dos fumes o valor mais alto obtido non supera o valor límite de emisión establecido.

Os valores límite para os motores de coxeración serán válidos como máximo hasta 2025. A partir do 1 de xaneiro de 2025 serán de aplicación os valores límite recollidos no Real Decreto 1042/2017, do 22 de decembro, sobre a limitación das emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes das instalacións de combustión medianas e polo que se actualiza o anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

Foco	Parámetro	Unidades	Valor límite de emisión
FS12 FM a FS24 FM	Partículas	mg/Nm ³	5

3.6 Vixilancia e control ambiental

Control externo: medicións manuais por organismo de control autorizado				
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidade	
FS08 Secadoiro e extracción da prensa de MDF II	Semestralmente, tres medicións consecutivas de polo menos 30 minutos de duración cada unha delas ⁽¹⁾	Temperatura de gases	°C	
		Presión en conduto	mmHg	
		Humidade dos gases	%V	
		Velocidade dos gases	m/s	
		Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm ³ /h	
		Osíxeno	%V	
		CO ₂	%V	
		CO	(mg/Nm ³) (kg/h)	





		Partículas	(mg/Nm ³) (kg/h)
		COVT ⁽²⁾	(mgC/Nm ³) (kgC/h)
		Formaldehido	(mg/Nm ³) (kg/h)
		NO _x (expresados como NO ₂)	(mg/Nm ³) (kg/h)
	Anualmente, tres medicións consecutivas de polo menos 1 hora de duración cada unha delas ⁽¹⁾	HF	(mg/Nm ³) (kg/h)
		HCl	(mg/Nm ³) (kg/h)
		Metais e os seus compostos (Incluídos As, Cd, Co, Cr, Cu, Hg, Mn, Ni, Pb, Sb, Tl e V)	(mg/Nm ³) (kg/h)
⁽³⁾	Dioxinas e furanos	(ng I-TEQ/Nm ³) (kg/h)	

⁽¹⁾ O tempo de medición será o axeitado para o comportamento da emisión considerada, dependendo da concentración esperada que se vai medir. Para alcanzar un límite de cuantificación axeitado unha única medida poderá substituír as tres medidas sempre que a duración sexa como mínimo de dúas horas.

⁽²⁾ No caso de utilizar gas natural como combustible no momento da medición, restarase metano do resultado, medido de acordo coa norma EN ISO 25140 ou EN ISO 25139.

⁽³⁾ Os dous primeiros anos efectuarase unha medición anual (unha medida dun mínimo de 6 horas) para, en función dos resultados, determinar a frecuencia de control. En todo caso, esta será de como mínimo cada tres anos.

Control externo: medicións manuais por organismo de control autorizado			
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidades
Extracción volteador prensa FS09, FS10, FS11, FS12	Cada 3 anos, tres medicións consecutivas de polo menos 30 minutos de duración cada unha delas ⁽¹⁾	Temperatura de gases	°C
		Presión en conduto	mmHg
		Humidade dos gases	%V
		Velocidade dos gases	m/s
		Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm ³ /h
		Osíxeno	%V
		CO ₂	%V
		COVT	(mgC/Nm ³) (kgC/h)
Formaldehido	(mg/Nm ³) (kg/h)		

⁽¹⁾ O tempo de medición será o axeitado para o comportamento da emisión considerada, dependendo da concentración esperada que se vai medir

Control externo: medicións manuais por organismo de control autorizado			
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidades
FS05 Extracción prensa plastificado 1A e 1B	Cada 3 anos, tres medicións consecutivas de polo menos 30 minutos de duración cada unha delas ⁽¹⁾	Temperatura de gases	°C
		Presión en conduto	mmHg
FS06 Extracción prensa		Humidade dos gases	%V





plastificado 2A e 2B FS07 Extracción prensa rechapado	Velocidade dos gases	m/s
	Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm ³ /h
	Osíxeno	%V
	CO ₂	%V
	COVT	(mgC/Nm ³) (kgC/h)

⁽¹⁾ O tempo de medición será o axeitado para o comportamento da emisión considerada, dependendo da concentración esperada que se vai medir.

Control externo: medicións manuais por organismo de control autorizado			
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidades
FS23 Motor de coxeración I	Anual, tres medicións consecutivas de polo menos unha hora de duración cada unha delas	Temperatura de gases	°C
		Presión en conduto	mmHg
		Humidade dos gases	%V
		Velocidade dos gases	m/s
		Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm ³ /h
		Osíxeno	%V
		CO ₂	%V
		Partículas	(mg/Nm ³) (kg/h)
		CO	(mg/Nm ³) (kg/h)
		NO _x (expresados como NO ₂)	(mg/Nm ³) (kg/h)
		SO ₂	(mg/Nm ³) (kg/h)
Motor de coxeración II	Anual, unha determinación no exercicio de medición	Temperatura de gases	°C
		Presión en conduto	mmHg
		Velocidade dos gases	m/s
		Caudal de gases en condicións normais	Nm ³ /h
	Anual, como mínimo tres medicións de polo menos 20 minutos de duración cada unha delas	Osíxeno	%V
		CO ₂	%V
		CO	(mg/Nm ³) (kg/h)
		NO _x (expresados como NO ₂)	(mg/Nm ³) (kg/h)
		SO ₂	(mg/Nm ³) (kg/h)
		Opacidade dos fumes	Escala Bacharach

Focos asociados á transformación anterior e posterior da madeira

Para os focos correspondentes a procesos de tratamento, almacenamento e manipulación de material con emisións sistemáticas levarase un control continuo da caída de presión a través dos filtros como parámetro substitutivo indicativo de que se cumpre este valor límite.



Realizárase un mantemento adecuado de acordo coas instrucións do fabricante e levarase rexistro deste mantemento.

3.7 Sitios e seccións de medición nos focos emisores

Os sitios e seccións de medición deben cumprir coa instrución técnica IT/FE/DXCAA/09: "Acondicionamento da sección de medida nos focos emisores á atmosfera".

A xustificación, con resultado favorable, formará parte do informe de medición realizado polo organismo de control autorizado.

No caso do foco secadoiro de capa externa, considérase que queda xustificada a dificultade técnica para a súa adaptación á dita instrución técnica.

3.8 Metodoloxía de medición

A mostraxe e análise de todos os contaminantes e parámetros de proceso realizárase conforme ás normas EN. No caso de non estar dispoñibles as normas EN aplicaranse normas ISO ou outras normas nacionais ou internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.

Para a mostraxe de formaldehido no foco secadoiro de capa externa acéptase a proposta do titular de realizar a medición segundo o proxecto de norma CEN para este contaminante (último borrador dispoñible do CEN/TC 264 WI 00264176.8 "Stationary source emissions – Determination of the mass concentration of formaldehyde – Manual method"). A mostraxe realizárase mediante método isocinético sen lavado de sonda. No caso de utilizar un método diferente, previamente á realización da medición, presentarase a proposta de metodoloxía para a súa aprobación.

Para gases de combustión nos motores de coxeración acéptase a técnica de células electroquímicas, excepto para o parámetro SO₂ no motor de coxeración I que se realizará mediante método CEN.

A medición de HCl levarase a cabo mediante a norma EN 1911.

A medición de metais levarase a cabo mediante as normas EN 13211 (para Hg) e EN 14385 (para outros metais).

A medición de HF levarase a cabo mediante a norma ISO 15713.

A medición de dioxinas e furanos levarase a cabo mediante a norma EN 1948, partes 1, 2 e 3 .

3.9 Información que se remitirá directamente ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia

Sen detrimento da información a subministrar nas memorias de seguimento que se requiren no apartado V, deberase informar directamente ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia das súas emisións, a través da plataforma informática eREGADE.





No caso de que nos informes dos organismos de control autorizados a declaración de conformidade fronte a valores límite de emisións á atmosfera sexa non conforme, o titular comunicará a este organismo nun prazo non superior a 2 días hábiles dende a recepción do informe. Remitirá o informe do organismo de control, unha proposta de medidas correctoras, prazo de execución e a data do novo control para verificar a eficacia destas.

4. CALIDADE DO AIRE

4.1 Cumprimento de valores límite

O titular debe asegurarse de que a súa actividade non afecta ao cumprimento dos valores límite establecidos para a calidade do aire no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, ou na normativa que o substitúa en calquera momento da súa actividade.

No caso de que os datos obtidos nas estacións de control da calidade do aire da zona superen os valores límite establecidos para a protección da saúde humana ou dos ecosistemas, ou os valores obxectivo lexislados en calidade do aire, o titular debe reducir as emisións nos termos que estableza este organismo.

4.2 Vixilancia e control ambiental

A instalación realizará o control das achegas da actividade á calidade do aire mediante campañas de medida indicativa de PM10 e BaP anuais no mesmo punto de medición que as anteriores e cumprirá cos obxectivos de calidade dos datos e presentación de resultados do anexo V e do anexo VI do Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo a mellora da calidade do aire para medicións indicativas.

No caso de que os resultados das campañas ou ben cambios legislativos indiquen que é necesario empregar outro método de avaliación, será comunicado á instalación.

5. SOBRE A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

5.1 Valores límite

Non se poderán emitir nin transmitir niveis de ruído tales que produzan valores de recepción superiores aos establecidos no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (BOE núm. 254 do 23.10.2007), así como en calquera outra normativa de aplicación que se dite en materia de contaminación acústica.

5.2 Sistemas e procedementos para minimizar a contaminación acústica

Calquera actividade puntual que se poida programar e que poida supor un incremento nos niveis de presión sonora realizarase fóra do período nocturno.



5.3 Vixilancia e control ambiental

O titular da actividade realizará estudos de niveis de ruído e vibracións na contorna da instalación cunha periodicidade anual. Os ditos estudos realizaranse no horario de funcionamento da instalación, dentro dos períodos definidos no Real decreto 1367/2007 (día, tarde e noite), coincidindo cos intervalos de máxima actividade.

Os puntos de medida de ruído e vibracións son os indicados na seguinte táboa:

Localización	Coordenadas UTM-ETRS89 Fuso 29		Periodicidade
	X	Y	
1	528.339	4.730.359	Anual
2	528.281	4.730.359	
3	528.230	4.730.466	
4	527.834	4.730.538	
5	528.423	4.730.046	
6	528.061	4.730.000	

No caso de modificacións nas instalacións ou procesos que poidan afectar aos niveis de presión sonora, realizarase unha campaña de control, dando traslado dos resultados, valoración e no seu caso proposta de vixilancia e control a esta dirección xeral.

O titular incluírá os resultados destes estudos nas memorias ambientais que se requiren no apartado 5 (Programa de vixilancia e control ambiental), xunto coa análise e avaliación destes en relación co cumprimento dos valores límite de ruído ambiente. Os informes de avaliación da contaminación acústica conterán un anexo co especificado no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.

No caso de superación dos niveis, o titular formulará un plan de xestión de ruído que inclúa as medidas a adoptar para garantir que se cumpran os valores límite establecidos pola normativa vixente, indicando a súa planificación temporal. Esta información tamén se incluírá nas memorias de seguimento que se requiren no apartado 5.

6. EMISIÓNS Á AUGA

6.1 Xestión das augas residuais

De acordo coa información aportada polo titular, xéranse as seguintes correntes de augas residuais:

- **Augas residuais industriais:** todas as augas residuais industriais xeradas son reincorporadas ao proceso industrial tralo seu tratamento, polo que non se efectúan vertidos desta tipoloxía de augas ao dominio público.





- **Augas residuais fecais:** as augas residuais fecais vértense á rede municipal de sumidoiros con depuración posterior na EDAR municipal. O titular deberá cumprir cos condicionantes que o xestor desta rede lle indique.
- **Augas procedentes das purgas das caldeiras:** estas augas son conducidas directamente ao dominio público sen depuración previa. O titular acreditou analiticamente que estas augas non deberían ser susceptibles de afectar aos obxectivos de calidade fixados para o medio receptor.
- **Augas procedentes das cubertas:** estas augas son vertidas, sen tratamento previo, ao río Ulla, conxuntamente coas augas residuais pluviais de escorrega tratadas. O titular acreditou analiticamente que estas augas non deberían ser susceptibles de afectar aos obxectivos de calidade fixados para o medio receptor.
- **Augas residuais pluviais de escorrega:** as augas residuais pluviais de escorrega xeradas nas instalacións e afectadas pola actividade desenvolvida nesta son recollidas nunha canle que as conduce ás instalacións de tratamento, antes do seu vertido ao río Ulla, en zona de dominio público marítimo-terrestre, conxuntamente coas augas pluviais procedentes das cubertas.

6.2 Tratamento das augas residuais

As augas residuais pluviais de escorrega xeradas nas instalacións e afectadas pola actividade desenvolvida nesta son recollidas nunha canle trapezoidal en formigón armado cunha pendente do 0,2% e de sección variable, que discorre en paralelo ao leito do río Ulla e que as conduce a un sistema de tratamento constituído polos seguintes elementos:

- Desbaste de grosos mediante reixa de limpeza manual en aceiro inoxidable de 50 mm de luz de paso e 75° de inclinación; deseñado para un caudal de 1,5 m³/s.
- Desbaste de finos mediante tamiz en escaleira en aceiro inoxidable de 5 mm de luz de malla dotado de parafuso transportador-compactador de residuos cara contedor de 5 m³; deseñado para un caudal de 1,5 m³/s.
- Desareado-desengraxado en dúas unidades en formigón armado dispostas en paralelo de 19 x 3 m² de superficie dotadas de aireación e con retirada de areas e flotantes; deseñado para un caudal total de 1,5 m³/s. As areas son enviadas a un clasificador de areas e os flotantes son bombeados cara un espesador de graxas, devolvéndose os escorridos á entrada do proceso.
- Depósito tampón en formigón armado de 400 m³ con bombeo ao tratamento físico-químico.
- Tratamento físico-químico por decantación lamelar lastrada con area en equipo de 6,9 m de lonxitude, 3,7 m de anchura e 5,4 m de altura, constituído por tanque de coagulación, tanque de floculación e separador lamelar; con capacidade máxima de tratamento de 250 m³/h e 0,0694 m³/s.



As augas residuais pluviais de escurrega depuradas vértense ao río Ulla, en zona de dominio público marítimo-terrestre, mediante conduction en poliéster reforzado con fibra de vidro de 1.200 mm de diámetro á cota +2,88 m sobre a BMVE.

6.3 Admisibilidade e compatibilidade do vertido co medio receptor

Examinada a documentación e os datos técnicos e informes que constan no expediente considérase que cunha correcta xestión dos procesos que se teñen previsto e aplicadas as correspondentes medidas proxectadas, os vertidos xerados non deberían causar afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor.

A Administración resérvase a facultade de modificar os límites impostos aos vertidos e a de esixir ao titular a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a adecuación dos vertidos ás esixencias do Plan Hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.

Se a práctica demostrase que o tratamento de depuración é insuficiente pola calidade dos vertidos ou do medio receptor, en relación cos límites fixados nesta autorización, o titular deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar os vertidos ás características autorizadas. Neste senso, a Administración poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e/ou calquera outra mellora nas instalacións de depuración que resulte axeitada para acadar os límites impostos ou outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.

6.4 Caudais máximos de vertido ao dominio público

Os caudais máximos de vertido autorizados para cada un dos vertidos de augas procedentes das instalacións indícanse na seguinte táboa:

Efluente	Caudal (m ³ /ano)
Augas residuais pluviais de escurrega depuradas	138.975
Augas pluviais procedentes das cubertas	65.799

Este caudal poderá ser variable en función da pluviometría rexistrada na zona, debendo garantirse en calquera caso a súa correcta xestión previamente ao seu vertido ao dominio público.

6.5 Punto de vertido

As augas residuais pluviais de escurrega depuradas procedentes das instalacións vértense ao río Ulla en zona de dominio público marítimo-terrestre, conxuntamente coas augas pluviais procedentes das cubertas, no punto de coordenadas:



Punto de vertido	Coordenadas UTM - ETRS89	
	X	Y
	527.709	4.729.875

6.6 Calidade e control do vertido

Os límites máximos permitidos para o vertido de augas residuais pluviais de escorrega depuradas procedentes das instalacións, e a periodicidade mínima coa que se controlará na arqueta de toma de mostra ou dispositivo equivalente que deberá existir ao efecto á saída das instalacións de depuración e antes da súa confluencia con calquera outro efluente (en particular, coas augas pluviais procedentes das cubertas), e do seu vertido ao río Ulla; son os que se detallan a continuación:

Parámetro	Unidades	Límite	Periodicidade do control
pH	ud. pH	5,5 – 9,5	Mensual
Sólidos en suspensión	mg/l	80 ⁽¹⁾	
Materias sedimentables	ml/l	0,5	
DQO	mg/l	160	
Nitróxeno total	mg/l	15	
Hidrocarburos totais de petróleo	mg/l	5	
Aceites e graxas	mg/l	20	

⁽¹⁾ **Así mesmo, a concentración media anual de sólidos en suspensión, calculada como a media aritmética das concentracións obtidas nos controis mensuais do vertido efectuados en cada ano natural, non poderá superar o límite de 40 mg/L.** No cómputo da concentración media anual non se terán en consideración aqueles meses nos que non se efectuou analítica por non producirse vertido.

Asemade, realizarase un control en continuo do parámetro pH das augas residuais pluviais de escorrega depuradas, así como un control en continuo do parámetro caudal de vertido do efluente conxunto de augas residuais pluviais de escorrega depuradas e augas pluviais procedentes das cubertas

Para o resto dos parámetros os límites máximos permitidos serán os especificados no anexo I.

De conformidade co disposto no artigo 83.6 da Lei 9/2010 de augas de Galicia, en ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión poderá alcanzarse mediante dilución no punto de toma de mostrás.

Metodoloxía das análises

Todas as análises realizaranse sobre unha mostra composta durante un período de 24 horas. No caso de verterse durante un período inferior ás 24 horas, realizarase a mostraxe composta durante o total do período de vertido. Asemade, de non efectuarse analítica nalgún mes por non producirse vertido, notificarase este feito directamente a Augas de Galicia antes da finalización do mes seguinte ao que non houbo vertido.





Todas as mostraxes e análises relativas ao control externo dos vertidos deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica.

6.7 Control e rexistro dos resultados dos vertidos

Disporase dunha arqueta ou dispositivo equivalente para o control e mostraxe das augas residuais pluviais de escorrega depuradas, á saída das instalacións de depuración e antes da súa confluencia con calquera outro efluente (en particular coas augas pluviais procedentes das cubertas) e do seu vertido ao río Ulla, con acceso directo para a súa inspección por parte da Administración.

A instalación contará con instrumentos para o control en continuo do pH das augas residuais pluviais de escorrega depuradas e do caudal do vertido conxunto de augas residuais pluviais procedentes das instalacións (augas residuais pluviais de escorrega depuradas e augas pluviais das cubertas); así como dun equipo tomamostras automático programable en tempo e volume para o control das augas residuais pluviais de escorrega depuradas, instalado antes da súa confluencia coas augas pluviais das cubertas e do seu vertido final. A empresa manterá en servizo e calibrará os devanditos instrumentos con métodos axeitados.

Cada día realizarase unha toma de mostra composta ao longo dun período de 24 h, a cal será debidamente identificada e conservada durante un período mínimo de 48 horas a contar dende a hora de finalización da toma de mostra.

Deberá existir un libro de rexistro (físico ou informático adecuadamente protexido contra dano ou contra modificación non autorizada) a disposición da Administración, no que se anotarán:

- Tomas de mostraxes realizadas e resultados analíticos obtidos nos ensaios en laboratorio efectuados ao abeiro do establecido no presente informe.
- Incidencias acontecidas na operación que poidan influír na calidade dos vertidos ou na calidade do medio receptor.

6.8 Protección das augas en situacións de funcionamento distintas ás condicións normais. Vertidos accidentais

No caso de que accidentalmente se produza un vertido en condicións non autorizadas, o titular deberá acreditar que adoptou as medidas axeitadas para emendar as causas que o motivaron, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incurrir.

A instalación contará con sistemas de retención de efluentes en situación de emerxencia ou avarías e fallos na instalación con capacidade suficiente de almacenamento superior aos requirimentos habituais da instalación.

6.9 Calidade e control do medio receptor

Deberase evitar a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor.

Con independencia dos límites establecidos, no medio receptor deberanse cumprir os valores de calidade de augas establecidos na seguinte lexislación, ou na que se dite nun futuro:

- Anexo II da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia: obxectivos de calidade das augas das rías de Galicia (DOG núm. 222 do 18.11.2010).
- Anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade: substancias perigosas e obxectivos de calidade.
- Anexo IV do Real decreto 345/1993 e anexo I da Directiva 2006/113/CE: normas de calidade das augas e da produción de moluscos e outros invertebrados mariños vivos.
- Anexo I do Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.
- Anexo V do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (aprobado mediante o Decreto 130/1197): calidade mínima esixida ás augas continentais.
- Anexos IV e V do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental: normas de calidade ambiental para as substancias preferentes.

Efectuaranse os controis que se indican a continuación:

Puntos	Periodicidade	Parámetros	Unidades
Puntos situados sobre a liña de costa (dous a ambos lados do desague -50 m augas arriba e e abaixo- e un no arranque deste) e outro na saída do efluente	Semestral	pH	Uds Sørensen
		Temperatura	°C
		Color	Mg Pt-C ₆₀ /l
		Salinidade	‰
		Sólidos en suspensión	mg/l
		Osíxeno disolvido	mg/l de O ₂
		Taxa de saturación do osíxeno	% sat O ₂
		Amonio	mg NH ₄ /l
		Nitritos	mg NO ₂ /l
		Nitratos	mg NO ₃ /l
		Nitróxeno total	mg N/l
		Fosfatos	mg PO ₄ ³⁻ /l
		Fósforo total	mg P/l
		Demanda química de osíxeno	mg O ₂ /l
		Carbono orgánico total	mg/l
Aceites e graxas	mg/l		
Hidrocarburos totais do petróleo	mg/l		





Requisitos para os controis no medio receptor

Os controis realizaranse en período de chuvias, por se tratar do vertido de augas de escorrega, separándose estes un período mínimo de 6 meses dentro do ano natural; coincidindo co control do vertido de augas residuais e en período de máxima descarga.

Realizaranse sobre unha mostra composta a partir doutras dúas submostras tomadas en media baixamar e media preamar para cada un dos puntos indicados.

Nos informes das análises que deberán recollese parámetros representativos das condicións oceanográficas e meteorolóxicas da zona no momento da mostraxe, xunto con parámetros fisicoquímicos indicadores das masas de auga. Entre os parámetros a medir neste tipo de controis estarán: o vento, as correntes, as ondas, a pluviometría, o perfil de salinidade, a temperatura e o osíxeno disolvido na auga nun punto próximo á saída do efluente, pero non afectado por este.

Todas as mostraxes e análises deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica; debendo observar as prescricións técnicas particulares para as entidades colaboradoras da administración hidráulica en materia de control e vixilancia da calidade das augas. En calquera caso, o método analítico debe estar validado, sendo fundamental que este permita alcanzar os límites de detección cuantitativos e cualitativos necesarios para valorar o resultado respecto a valores da normativa de aplicación á calidade das augas.

6.10 Información que se remitirá directamente a Augas de Galicia

Mensualmente, antes da finalización do mes seguinte ao da realización das mostraxes:

- Resultados dos controis do vertido.
- Os valores medios diarios para pH e os valores diarios (en m³/día) e total mensual (en m³/mes) para caudal, mediante informe asinado polo responsable asignado e selado pola empresa.

Ademais, no informe correspondente ao último control do vertido de cada ano natural indícarase o valor da concentración media anual de sólidos en suspensión no vertido, calculada de acordo co indicado na táboa do punto 6.6.

Anualmente, antes do primeiro trimestre do ano posterior ao estudo:

- Un informe do control do medio receptor.

7. SOLOS E AUGAS SUBTERRÁNEAS

7.1 Sistemas e procedementos para evitar a contaminación

Manteranse en perfecto estado de revisión os cubetos de seguridade fronte a derramos de substancias perigosas, procedendo á recollida inmediata de todo derramo accidental que puidera afectar ao solo.

As prácticas e operacións de carga e descarga de produtos perigosos realizaranse sobre superficies impermeables provistas de fosos de retención de vertidos accidentais.

Os almacenamentos de residuos realizaranse sobre superficies impermeables, levando a cabo constantes labores de mantemento co obxecto de evitar a infiltración no solo e a afección ás augas subterráneas.

Evitaranse as tubaxes e conducións soterradas para transportar substancias distintas a auga e madeira.

Deberán manter e cumprir durante toda a vida útil das instalacións as medidas adoptadas que se describen no apartado 1.1.4 da táboa de adaptación ás conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

7.2 Vixilancia e control das augas subterráneas

Realizaranse os controis indicados nas seguintes táboas:

Puntos	Localización	Coordenadas UTM - ETRS89	
		X	Y
P1	Punta da Braña (branco de referencia)	527.711	4.730.303
P2	Cargadoiro subestación eléctrica	528.036	4.730.105
P3	Parque de madeiras	527.657	4.729.979
P4	Tanque de gasóleo B e nave onde se localizan aceites e residuos de aceite	527.946	4.760.004
P5	Almacenamento de fuel, coxeración e depósitos de combustible	528.213	4.729.885
P6	Secadoiro MDF I	528.233	4.729.963

Piezómetro		Periodicidade
P1	Nivel piezométrico	Anual
	pH, condutividade	
	As, Cu, Cr, Cd, Pb, Hg, Ni, Zn	
	Hidrocarburos totais do petróleo C5-C35	
P2	Nivel piezométrico	Anual
	pH, condutividade	
	As, Cu, Cr, Cd, Pb, Hg, Ni, Zn	
	Hidrocarburos totais do petróleo C5-C35	
	Policlorobifenilos	
P3	Nivel piezométrico	Semestral
	pH, condutividade	





	As, Cu, Cr, Cd, Pb, Hg, Ni, Zn	
	Hidrocarburos totais do petróleo C5-C35	
P4 P6	Nivel piezométrico	Anual
	pH, condutividade	
	As, Cu, Cr, Cd, Pb, Hg, Ni, Zn	
	Benceno, tolueno, etilbenceno, xileno	
P5	Nivel piezométrico	Anual
	pH, condutividade	
	As, Cu, Cr, Cd, Pb, Hg, Ni, Zn	
	Hidrocarburos totais do petróleo C5-C35	
	Hidrocarburos aromáticos policíclicos	
	Benceno, tolueno, etilbenceno, xileno	

Para os hidrocarburos totais do petróleo deberá realizarse a separación de cadeas alifáticas e aromáticas co obxecto de poder comparar o resultado cos valores xenéricos de referencia recollidos no Real decreto 665/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico e o Real decreto polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

Os piezómetros deberán permanecer operativos durante toda a vida útil da instalación, realizándose as operacións de mantemento necesarias para garantir a súa permanencia. Revisaranse as tapas exteriores para evitar a entrada de elementos externos e realizarase o desenvolvemento de cada un dos piezómetros co fin de eliminar os finos que se puideran acumular e tupir a tubaxe de PVC.

A mostraxe das augas subterráneas será representativa das condicións do acuífero e incluírá os pertinentes bombeos de volume de auga para garantir a súa representatividade.

A toma de mostras deberá ser realizada por unha entidade de inspección acreditada de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17020, e as caracterizacións analíticas as realizará un laboratorio acreditado coa norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para os parámetros analizados.

Se como resultado das análises se detectan zonas de solo ou augas contaminadas estableceranse, de acordo con esta dirección xeral, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.

Calquera actividade que se desenvolva na localización e que supoña movementos de terras deberá ser comunicado a esa dirección xeral de forma previa a súa execución. Estas terras deberán ser caracterizadas co fin de efectuar a súa correcta xestión. A toma de mostras e análises deberán realizarse dentro do ámbito de acreditación a tal efecto.



7.3 Vixilancia e control dos solos

O control do solo realizarase cunha periodicidade mínima de 10 anos. Previamente, presentarán unha proposta de investigación para a súa aprobación por parte desta dirección xeral.

A toma de mostras deberá ser realizada por unha entidade de inspección acreditada de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17020, no sector ambiental, campo solos e as caracterizacións analíticas as realizará un laboratorio acreditado coa norma UNE-EN ISO/IEC 17025 para os parámetros analizados. Un mes despois da realizar este control, remitiranse o informe elaborado pola entidade de inspección a esta dirección xeral.

Se como resultado das análises efectuadas se detectasen zonas de solo contaminadas estableceranse, de acordo con esta dirección xeral, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.

8. XESTIÓN DE RESIDUOS

8.1 Resumo das autorizacións para a xestión de residuos na instalación

Na seguinte táboa amósase un resumo das autorizacións de Financiera Maderera, SA para a xestión de residuos nesta instalación:

Actividade (operación)	Inscripción		Tipo de residuo	Capacidade tratamento normal (t/ano)	Capacidade tratamento máxima (t/ano)	Capacidade máxima puntual de almacenamento (t)
	eSIR					
Valorización (R0305)	SC-I-IPPC-XV-00114		RNP	11.750	23.500	75
	12G04150000027300					

Actividade	Inscripción		Tipo de residuo	Capacidade normal de almacenamento (t/ano)	Capacidade máxima de almacenamento (t/ano)	Capacidade máxima puntual almacenamento (t)
	eSIR					
Almacenamento (R1302)	SC-I-IPPC-XA-00030		RNP	1000	1.500	75
	12G05150000027304					

8.2 Condicións para a xestión de residuos non perigosos mediante valorización

8.2.1 Características

SC-I-IPPC-XV-00114	
Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R0305 - reciclado de residuos orgánicos na fabricación de novos produtos (taboleiro MDF)
Actividade de xestión	Valorización de residuos non perigosos
Capacidade máxima de tratamento	23.500 t/ano



Capacidade normal de tratamento	11.750 t/ano
Superficie de almacenamento	200 m ² *
Capacidade de almacenamento máxima puntual	75 t

* A superficie de almacenamento poderá acadar puntualmente os 400 m² (en conxunto para as dúas actividades de xestión) utilizando separacións movíbeis con elementos físicos.

O proceso de valorización será o mesmo que para a actividade principal: almacenamento segregado por material, alimentación á achadora, separación de metais e outras impurezas, achado, amoreamento anterior á transformación en fibra e cribado do material.

8.2.2 Tipos e cantidades de residuos que se autorizan a xestionar

LER	Descrición	Cantidade (t/ano)
02 01 07	Residuos da silvicultura	470
03 01 01	Residuos de casca e cortiza	235
03 03 01	Residuos de cortiza e madeira	235
03 01 05	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 030104	10.810
15 01 03	Envases de madeira	9.635
19 12 07 ⁽¹⁾	Madeira distinta da especificada no código 19 12 06	1.880
20 01 38	Madeira distinta da especificada no código 200137	235

⁽¹⁾ Os residuos de entrada autorizados baixo códigos LER do capítulo 19 unicamente poderán admitirse cando a súa procedencia sexa de xestores de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que dentro desta comunidade, en base ao disposto no artigo 15º da Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como regra xeral, unicamente se utilizarán os códigos 19 para os rexeitamentos non recuperables procedentes do tratamento de residuos e destinados a vertedoiro, asignándoselle aos residuos valorizables procedentes das saídas das plantas de valorización o código determinado pola fonte que produciu o residuo orixinal tratado.

8.2.3 Tipos e cantidades de residuos que se autorizan producir como consecuencia das operacións de tratamento (t/ano)

LER	Descrición	Cantidade (t/ano)
03 01 05	Mix cribado (finos madeira con áridos)	1.247
17 04 05	Rexeites metálicos	402
19 12 12	Residuos mixtos non valorizables	6

8.2.4 Condicionantes específicos

a) Dado que se trata dunha operación na que os residuos se transforman para producir materiais considerados non residuos, e dado que conforme á definición de reciclaxe da Lei 7/2022, esta



operación pode ser considerada como unha operación de reciclaxe, non é necesario que o xestor solicite a consideración de fin de condición de residuo.

O produto obtido no proceso de valorización deberá cumprir os requisitos técnicos para as finalidades específicas ás que se destina, a lexislación existente e as normas aplicables aos produtos. No caso contrario, deberá ser xestionado como residuo e entregado a xestor autorizado.

b) Garantías financeiras

Segundo o disposto no Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, corresponde unha fianza por importe de 10.000 euros (importe mínimo para unha superficie total da instalación maior de 500 m²).

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas as garantías exixidas; polo tanto, no caso de que se produza algún cambio nas características da instalación ou na xestión dos residuos, o titular deberá informar deste feito para proceder a actualizar a capacidade da instalación e a contía da fianza.

8.3 Condicións para a xestión de almacenamento de residuos non perigosos

8.3.1 Características

SC-I-IPPC-XA-00030	
Tipo de operación de valorización de residuos (anexo II da Lei 7/2022, do 8 de abril)	R1302 – almacenamento de residuos, no ámbito de tratamento
Actividade de xestión	Almacenamento de residuos
Descrición do proceso	Instalación autorizada para o almacenamento de residuos de madeira que non conteñen substancias perigosas, identificados como “madeira de segundo uso”
Capacidade normal de almacenamento	1000 t/ano
Capacidade máxima de almacenamento	1.500 t/ano
Capacidade de almacenamento máxima puntual	75 t
Superficie máxima de almacenamento	200 m ² *

* A superficie de almacenamento poderá acadar puntualmente os 400 m² (en conxunto para as dúas actividades de xestión) utilizando separacións movíbeis con elementos físicos.

A actividade consiste no almacenamento temporal de residuos no parque de madeira da instalación, nunha zona definida para o seu almacenamento, á espera do seu traslado ao centro de Finsa Santiago.



8.3.2 Tipos e cantidades de residuos que se autorizan a xestionar (t/ano)

LER	Descrición	Cantidad (t/ano)
02 01 07	Residuos da silvicultura	15
03 01 01	Residuos de casca e cortiza	15
03 03 01	Residuos de cortiza e madeira	15
03 01 05	Serraduras, labras, retrincos, madeira, taboleiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 030104	270
15 01 03	Envases de madeira	720
17 02 01	Madeira	225
19 12 07 ⁽¹⁾	Madeira distinta da especificada no código 19 12 06	15
20 01 38	Madeira distinta da especificada no código 20 01 37	225

⁽¹⁾ Estes residuos unicamente poderán admitirse cando a súa procedencia sexa de xestores de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que dentro desta comunidade, en base ao disposto no artigo 15º da Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, como regra xeral, unicamente se utilizarán os códigos 19 para os rexeitamentos non recuperables procedentes do tratamento de residuos e destinados a vertedoiro, asignándose a aos residuos valorizables procedentes das saídas das plantas de valorización o código determinado pola fonte que produciu o residuo orixinal tratado.

8.3.3 Tipos e cantidades de residuos que se autorizan producir como consecuencia das operacións de tratamento

Non se declara a produción de residuos derivados desta actividade.

8.3.4 Garantías financeiras

Segundo o disposto no Real decreto 208/2022, do 22 de marzo, sobre as garantías financeiras en materia de residuos, procede unha fianza por importe de 10.000 euros (importe mínimo para unha superficie total da instalación maior de 500 m²).

Durante a vixencia da autorización débense manter vixentes e actualizadas as garantías exixidas; polo tanto, no caso de que se produza algún cambio nas características da instalación ou na xestión dos residuos, o titular deberá informar deste feito para proceder a actualizar a capacidade da instalación e a contía da fianza.

8.4 Condicións xerais relativas á produción e xestión de residuos

a) A empresa deberá cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para a actividade autorizada, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos. A recollida e o transporte dos residuos deberá realizarse cos medios e as condicións adecuadas á natureza do residuo e conforme coa normativa de transporte por estrada, adoptando as medidas necesarias para que o transporte se realice en condicións de seguridade e hixiene.



b) Arquivo cronolóxico das actividades

O titular deberá dispor dun arquivo onde se recollan por orde cronolóxica a cantidade, natureza, orixe, destino e método de tratamento dos residuos, segundo o establecido no artigo 64 da Lei 7/2022, do 8 de abril.

De acordo co artigo 27.5 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e independentemente da natureza dos residuos xestionados, ten a obriga de levar o arquivo cronolóxico de xeito telemático a través da plataforma habilitada ao efecto (GAIA).

Pode atoparse toda a información necesaria ao respecto no seguinte enlace:

<https://sirga.xunta.gal/a-plataforma-gaia>

c) Presentación de información

O titular deberá presentar, segundo o modelo oficial, unha memoria resumo anual da información contida no arquivo cronolóxico, referida ao ano natural anterior, antes do 1 de marzo de cada ano, de conformidade co sinalado artigos 64 e 65 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados e no artigo 28 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

d) Control da rastrexabilidade dos residuos

As entregas dos residuos entre produtor e xestor, e entre estes últimos, deberán realizarse de conformidade coas prescricións contidas no capítulo II do Título II da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia e no Real decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.


e) Desenvolvemento da actividade

A autorización está condicionada ao cumprimento das prescricións técnicas establecidas na documentación técnica achegada durante o trámite de autorización. Deberán respectarse os tempos máximos de almacenamento de residuos establecidos no artigo 23 da Lei 7/2022, do 8 e abril.





8.5 Plano da instalación



Plano instalación



5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1 RESPONSABLE DO CONTROL DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta autorización.

O cambio do responsable será comunicado no momento en que se produza.

5.2 METODOLOXÍA DE MEDICIÓN E ENSAIOS

Salvo indicación expresa noutro sentido, as tomas de mostras e as análises serán efectuadas por un organismo de control acreditado, seguindo a metodoloxía establecida en normas EN, UNE-EN, UNE e, en ausencia destas, noutras normas internacionais ou nacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalentes.

Os métodos analíticos deben permitir alcanzar os límites de detección cuantitativos e cualitativos necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade.

5.3 PRESENTACIÓN DA MEMORIA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

O titular elaborará unha memoria do seguimento ambiental realizado para cada semestre natural do ano, que se presentará nesta dirección xeral no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do semestre:

- a memoria ten que asinala un representante legal da instalación ou o responsable do control do cumprimento da autorización ambiental integrada;
- os informes incluídos estarán asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración;
- a memoria debe vir acompañada dunha folla de cálculo editable onde se recollan todos os datos obtidos nas medicións realizadas.

A documentación presentarse en formato electrónico, organizada en arquivos/carpetas que faciliten a súa revisión.

Utilizarase a sinatura electrónica recoñecida.

5.4 CONTIDO DAS MEMORIA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

As memorias recollerán os controis realizados de acordo coas periodicidades establecidas nesta resolución.

Os informes dos controis analíticos deberán especificar os procedementos de mostraxe e os métodos analíticos empregados.





Memoria	
Responsable	Identificación do responsable do seguimento ambiental
Plano	Plano sobre ortofoto no que se delimite a instalación e se localicen os puntos de control. Recollerá as coordenadas UTM ETRS89 dos ditos puntos
Operación da instalación	Declaración de liñas activas/inactivas
Sistema de xestión ambiental	Resultado da auditoría externa do sistema de xestión medioambiental. Cando o certificado expire, acompañarase do certificado para o novo período
Datos de explotación	Producción anual das distintas unidades de proceso e % respecto da capacidade total
	Indicador do consumo enerxético e do consumo de auga
	Indicador do consumo enerxético e do consumo de auga
Contaminación acústica	Plan de xestión de ruído (cando proceda)
	Resultados dos controis e informe valorativo
Emisións á atmosfera	Cumprimento da periodicidade dos controis de emisións e valoración do cumprimento dos valores límite de emisión, con datos e expresión gráfica de resultados incluíndo caudal de gases en condicións normais e osíxeno en (%V). No caso de non ter dado cumprimento, xustificación do motivo
	Estudo das desviacións ocorridas no período. No caso de que as emisións non cumprisen cos valores límite de emisión establecidos ou se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, incluírase unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e avaliación da súa efectividade
	Cantidade total de madeira utilizada como materia prima e % de cada tipo de madeira
	Consumo de gas natural na caldeira Vyncke e cámara Recalor
	Duración das emisións dos focos non sistemáticos e porcentaxe respecto ao total do tempo de funcionamento
Vertidos	Resultados dos controis e informe valorativo do cumprimento dos valores límite de vertido, con datos e expresión gráfica dos resultados.
Calidade do medio receptor	Resultados dos controis e informe valorativo
Solos e augas subterráneas	Informe co contido indicado ⁽²⁾
Desviacións	Estudo das desviacións ocorridas, indicando as posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e análise da súa efectividade
Modificacións	Descrición das modificacións/melloras executadas ⁽¹⁾ , xunto con planos





	explicativos (de ser necesario)
Incidentes/Accidentes	Relación dos sucesos acontecidos, descrición e data na que se comunicaron formalmente
⁽¹⁾ Esta memoria non exime ao titular de efectuar a comunicación previa formal que se indica nas obrigas xerais desta resolución	
⁽²⁾ O informe deberá describir os antecedentes e instalacións do establecemento, os posibles incidentes ou modificacións que houbera, a metodoloxía de inspección e toma de mostras, incluíndo a previa determinación da situación do nivel freático e a posible presenza, e no seu caso, espesor de produto libre, así coma unha reportaxe fotográfica ilustrativa das instalacións e os traballos realizados. Todos os planos deberán estar orientados e con escala gráfica e numérica	

5.5 ARQUIVO DA INFORMACIÓN

Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante o período mínimo establecido pola normativa aplicable en cada caso, debendo facilitárselle á administración cando esta os requira.

Santiago de Compostela,

María José Echevarría Moreno

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2.10.2015).



ANEXO I: PARÁMETROS QUE SE DEBEN CONSIDERAR NA ESTIMACIÓN DO TRATAMENTO DO VERTIDO

Parámetro (unidades)	Nota	Valores límite
Sólidos grosos	--	Ausentes
Cor	--	Inapreciable en disolución: 1/20
DBO ₅ (mg/l)	--	40
Temperatura (°C)	(A)	3
Aluminio (mg/l)	(B)	1
Arsénico (mg/l)	(B)	0,5
Bario (mg/l)	(B)	20
Boro (mg/l)	(B)	2
Cadmio (mg/l)	(B)	0,1
Cromo III (mg/l)	(B)	2
Cromo VI (mg/l)	(B)	0,2
Ferro (mg/l)	(B)	2
Manganeso (mg/l)	(B)	2
Níquel (mg/l)	(B)	2
Mercurio (mg/l)	(B)	0,05
Chumbo (mg/l)	(B)	0,2
Selenio (mg/l)	(B)	0,03
Estaño (mg/l)	(B)	10
Cobre (mg/l)	(B)	0,2
Cinc (mg/l)	(B)	3
Tóxicos metálicos	(C)	3
Cianuros (mg/l)	--	0,5
Cloruros (mg/l)	--	2.000
Sulfuros (mg/l)	--	1
Sulfitos (mg/l)	--	1
Sulfatos (mg/l)	--	2.000
Fluoruros (mg/L)	--	6
Nitróxeno amoniacal (mg/L)	--	15
Nitróxeno nítrico (mg/L)	--	10
Fósforo total (mg/L)	--	10
Fenois (mg/L)	--	0,5
Aldehidos (mg/L)	--	1





Deterxentes (mg/L)	--	2
Pesticidas (mg/L)	--	0,05
Hidrocarburos totais de petróleo (mg/l)	--	5
Aceites e graxas (mg/l)	--	20

- (A) En ríos o incremento de temperatura media nunha sección fluvial trala zona de dispersión non superará 3°C.
(B) O límite refírese ao elemento disolvido, como ión ou en forma complexa.
(C) Suma das fraccións concentración real/límite esixido relativa aos elementos tóxicos (arsénico, cadmio, cromo VI, níquel, mercurio, chumbo, selenio, cobre e cinc).